



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONSORCIO AEROESPACIAL GALLEGO PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS DOS SECTORES DO AEROESPAZO, A SEGURIDADE E A DEFENSA NO MARCO DO OBSERVATORIO DO SECTOR AEROESPACIAL, DA SEGURIDADE E A DEFENSA

(Asinado electronicamente o 17/07/2025)

REUNIDOS

Dunha parte, _____, conselleira de Economía e Industria, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa no exercicio do seu cargo e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, _____, presidente da Asociación Consorcio Aeroespacial Gallego actuando en nome e representación desa entidade, en virtude do establecido no artigo 18 dos seus Estatutos, designado para o cargo o 20 de setembro de 2015 e reelixido na Asemblea Xeral da asociación celebrada o 14 de decembro de 2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio, entre outras, de funcións en materia de promoción e dinamización da economía, impulso e coordinación da política económica e industrial, apoio ao sector empresarial e mellora da competitividade das empresas, incidindo no desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, na transformación dixital, na sustentabilidade e na internacionalización.

O Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, dispón a creación da Secretaría Xeral de

Industria e Desenvolvemento Enerxético como novo órgano de dirección ao que se lle atribúen, entre outras, a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Consellería en materia de industria. Este mesmo Decreto, dispón que, baixo a superior dirección da persoa titular da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial exercerá as competencias e funcións en materia de estratexia industrial, e o desenvolvemento, promoción e coordinación da política industrial dentro da Comunidade Autónoma de Galicia en colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia. Ademais, tamén recolle, dentro das competencias da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, as de coordinación do Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR) e de todas as súas actividades, a promoción e coordinación do Parque Industrial de Rozas (Lugo) e a xestión da Civil UAVs Initiative.

SEGUNDO

A Xunta de Galicia impulsa desde 2015 unha iniciativa estratéxica para o impulso do Polo Aeroespacial de Galicia, a través do cal a Xunta executa o seu compromiso co desenvolvemento dunha política industrial e de innovación activa orientada ao desenvolvemento da industria aeroespacial, apostando polo desenvolvemento de tecnoloxía de alto valor engadido dentro deste sector e polo crecemento do segmento dos vehículos aéreos non tripulados e de todos os sistemas e servizos vinculados no ese tipo de plataformas. Coas actuacións postas en marcha no marco da iniciativa, prevese consolidar o investimento público-privado e situar a Galicia como un polo aeroespacial de referencia no desenvolvemento e ensaio de aeronaves non tripuladas. Estas actuacións execútanse no marco da Iniciativa Estratéxica en Aeroespazo, Seguridade e Defensa 2025-2030, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 12 de maio de 2025.

TERCEIRO

Que o Consorcio Aeroespacial Gallego (en adiante, CAG) é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar para o cumprimento dos fins establecidos nos seus Estatutos. O CAG, inscrito no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia co número 2015/019849, ten como obxectivos prioritarios a promoción e o desenvolvemento da industria aeronáutica e aeroespacial galega para alcanzar un maior nivel de competitividade. Na actualidade, a asociación está integrada por máis de 40 membros, entre empresas, universidades e centros tecnolóxicos da comunidade autónoma de Galicia que son

actores destacados no sector aeronáutico e aeroespacial e entre eles hai varios provedores habituais dos principais TIER 1 españois e europeos, así como de axencias aeroespaciais como a ESA ou a NASA.

CUARTO

Que o CAG, para a consecución dos seus obxectivos, realizará, entre outras, as seguintes actividades:

- Servir como observatorio dos avances do coñecemento nas tecnoloxías e xestión empresarial no ámbito aeronáutico e aeroespacial e, do coñecemento en xestión empresarial, así como documentar tales coñecementos en libros brancos, catálogos promocionais ou de capacidades do sector.
- Promover a cooperación e a capacidade emprendedora co fin de potenciar, estimular e impulsar o tecido empresarial galego e a transferencia de coñecemento.
- Promover a boa imaxe, a visibilidade e a importancia da industria aeronáutica e aeroespacial galega tanto no ámbito autonómico como nacional e internacional mellorando o atractivo do territorio galego para o desenvolvemento futuro das actividades produtivas da industria aeronáutica e aeroespacial.
- Ser punto e lugar de encontro e debate de todos os axentes implicados na industria aeronáutica e aeroespacial, autonómica e estatal.
- Identificar, aflorar e agrupar intereses que dean resposta aos retos estratéxicos competitivos da industria aeronáutica e aeroespacial no seu conxunto.
- Propiciar, facilitar e intensificar a comunicación entre as entidades, así como entre diferentes segmentos de actividade que constitúen o sector aeronáutico e aeroespacial galego.

QUINTO

Que o 8 de setembro de 2021, o CAG a asinou coa Axencia Galega de Innovación, que naquel momento tiña entre as súas competencias a xestión da Civil UAVs Initiative/Polo Aeroespacial de Galicia, un convenio de colaboración para a creación, posta en marcha e xestión do Observatorio da Industria Aeroespacial. Ese convenio rematou en decembro de 2024 e permitiu a creación e posta en marcha do devandito observatorio, unha iniciativa promovida pola da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria, que aspira a ser un punto de referencia na realización e difusión de estudos científicos económicos, estatísticos e de

perspectiva do sector aeroespacial, con especial énfase no ámbito galego. A Iniciativa Estratéxica en Aeroespazo, Seguridade e Defensa 2025-2030, contempla a ampliación do ámbito de actuación do observatorio que pasará a denominarse *Observatorio do sector aeroespacial, da seguridade e a defensa*.

Unha vez comprobado o interese das entidades que conforman o sector da industria aeroespacial galega nas actividades desenvolvidas polo Observatorio, o CAG e a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, están interesados en consolidar e dar continuidade ao *Observatorio do sector aeroespacial, da seguridade e a defensa* para dotar ás entidades relacionadas co sector en Galicia (empresas, Administracións Públicas, universidades e centros de coñecemento) dunhas ferramentas que acheguen os datos e as informacións necesarias para adoptar as decisións oportunas.

SEXTO

Que as partes consideran que as actuacións que se executarán no marco deste convenio contribuirán ao desenvolvemento da industria aeronáutica galega en xeral e ao impulso do sector de sistemas aéreos non tripulados, en particular, permitindo ampliar as capacidades do Polo Aeroespacial de Galicia.

Polo exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións da colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o CAG para desenvolver as actividades que se detallan no **Anexo I (Plan de traballo)** para a realización de estudos dos sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa no marco do Observatorio dos citados sectores.

A achega da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria, que se regula mediante este convenio vai dirixida á consolidación do Observatorio do sector aeroespacial, da seguridade e a defensa co obxectivo de continuar coa xeración, atracción, compilación e divulgación de coñecemento experto e estudos científicos nesas materias.

As actuacións a realizar no marco deste convenio deben estar encadradas nos conceptos e cumprir as condicións que se detallan no Anexo I (Plan de traballo). Esas actuacións deben ir dirixidas a cumprir, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Fomentar a elaboración de estudos científicos por actores expertos e cun alto grao de excelencia no sector aeroespacial, entre os que se atopan as empresas, as universidades e os centros tecnolóxicos, co obxectivo de impulsar e consolidar este sector en Galicia.
- Crear un espazo común que centralice e potencie a xeración e o acceso a coñecemento experto do sector aeroespacial en Galicia.
- Estudar e definir as tendencias nacional e internacional en materia aeroespacial para o seu aproveitamento polos citados actores.
- Compilar, publicar e divulgar estudos e documentación científica de alto nivel e de interese para o sector aeroespacial.

SEGUNDA.- Obrigas da Consellería de Economía e Industria

1. Colaborar no desenvolvemento daquelas iniciativas e accións vinculadas ao obxecto do convenio para asegurar o seu cumprimento.
2. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio establecidas no anexo I, ata a contía máxima que se recolle na cláusula cuarta.
3. Supervisar que as actividades sexan desenvolvidas de acordo coas estipulacións do presente convenio e ditar as instrucións que se estimen precisas para a referida colaboración.

TERCEIRA.- Obrigas do CAG

- Colaborar coa Consellería de Economía e Industria no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, seguindo as liñas de actuación recollidas no Anexo I (*Plan de traballo*) e efectuar os correspondentes gastos e pagos segundo o previsto no Anexo II (*Orzamento previsto*).
- Con carácter previo á sinatura deste convenio e xunto con cada solicitude de pagamento, deberá acreditar ante a Consellería de Economía e Industria que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, no caso de que se opoña á consulta automatizada deses datos prevista na cláusula décimo terceira deste convenio.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino dos fondos transferidos e facilitar a inspección e control dos órganos da Consellería de Economía e Industria co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos.
- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia en todas as actividades informativas ou de promoción en relación coas actuacións consideradas neste convenio e incorporar en todo o material e documentación de execución, información e publicidade das actividades do convenio o logotipo identificativo da Xunta de Galicia segundo as especificacións establecidas no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia

CUARTA.- Contía da achega económica

Para o desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio, a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, achegará a cantidade máxima de noventa e catro mil douscentos vinte euros (94.220,00 €) para o ano 2025 con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Código proxecto	Aplicación orzamentaria	2025	TOTAL
2025 00064	09.03.561A.640.0	94.220,00 €	94.220,00 €

Esta achega económica realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra o CAG para a axeitada execución das accións obxecto do convenio. En ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte da dita asociación.

QUINTA.- Gastos atendibles



Con carácter xeral, considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

- Os gastos deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dende a data de sinatura do convenio ata a data da súa finalización, de conformidade cos prazos sinalados na cláusula sexta. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais.
- O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable.
- Os gastos nos que incorra o CAG serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio e diminuirán o importe total a achegar pola Consellería de Economía e Industria.
- Todos os gastos externos xustificados polo CAG deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificados, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

SEXTA.- Xustificación e pagamento das contribucións previstas no convenio

1. A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de noventa e catro mil douscentos vinte euros (94.220,00 €). Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2025, nos que se dotará crédito axeitado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega, conforme á partida orzamentaria 09.03.561A.640.0.

2. A contribución da Consellería de Economía e Industria poderá realizarse de xeito fraccionado en pagamentos que estean vinculados á realización e acreditación das actividades relacionadas no Anexo I deste convenio.

Estes pagamentos realizaranse unha vez se acredite a execución das súas tarefas asociadas e segundo os importes referidos no Anexo I que recolle o orzamento previsto por actividade.

Tendo en conta a imposibilidade de calcular o importe exacto de todas as actuacións previstas no marco deste convenio, o CAG, con previa comunicación á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial no seo da Comisión de Seguimento do convenio, poderá realizar modificacións entre as diferentes actividades e conceptos de gastos sempre que se trate de minoracións iguais ou inferiores ao 20% dos importes previstos. Ademais, a petición do CAG e previo informe favorable da Comisión de seguimento, a Consellería de Economía e Industria poderá autorizar modificacións na distribución do gasto entre conceptos de gasto que supoñan minoracións nalgún deles superiores ao 20% das previsións. En todos os casos, esas cantidades minoradas incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto. Esas modificacións non poderán supoñer un incremento da achega establecida nin as condicións de xustificación recollidas no presente convenio.

3. Para a acreditación da execución das actividades previstas neste convenio, o CAG presentará á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, unha vez finalizadas as actuacións que se detallan no anexo I deste Convenio e, en todo caso, coa data límite do 15 de decembro de 2025, a seguinte documentación:

3.1. Unha relación clasificada dos gastos nos que se incorreu, coa identificación do concepto de gasto, acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

3.2. As facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, así como os xustificantes das transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco, acreditativas dos pagamentos polos servizos realizados.

En ningún caso serán admisibles os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto ao que se refiren. No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, achegárase unha relación detallada das



mesmas na que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas ditas facturas.

3.3. Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe de cada gasto no que incorra o CAG sexa igual ou superior a 15.000€, IVE excluído. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

3.4. En caso de oposición expresa a que a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial poida realizar as consultas polos seus propios medios, o CAG deberá de presentar as certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser incluído na solicitude de pagamento. Neste caso, deberá presentarse un certificado oficial expedido pola AEAT, acreditativo da situación da entidade con respecto ao IVE.

3.5. Unha memoria final onde se xustifique o cumprimento dos obxectivos previstos e no que se describan de xeito individualizado as distintas accións desenvolvidas, produtos elaborados e as incidencias máis significativas no marco deste convenio. Nos casos nos que sexa posible, empregaranse indicadores obxectivos para medir o impacto logrado a través de cada acción.

3.6. No caso daquelas accións nas que se elabore documentación, materiais gráficos, folletos, fotografías ou calquera outro material en formatos analóxicos ou dixitais, xuntarase unha copia dos mesmos ou a ligazón a webs e outros espazos virtuais relevantes nos que poida acreditarse a súa existencia.

3.7. Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

4. O CAG responsabilizarase da veracidade dos documentos presentados. Coa solicitude de pagamento deberá achegarse unha declaración responsable de que non existe ánimo de lucro e que os importes reclamados se circunscriben á satisfacción dos gastos nos que teña incorrido para a execución das actividades

obxecto deste convenio. Esta declaración responsable deberá estar asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

5. En todo caso, a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

6. O CAG manterá a disposición da Consellería de Economía e Industria ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

SÉTIMA.- Comisión de Seguimento.

Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión paritaria, formada por dous/dúas representantes de cada parte asinante. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Así mesmo, esta comisión supervisará a programación das accións concretas ás que se refire o convenio e avaliará e controlará as actividades realizadas.

A comisión reunirse en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste convenio. Así mesmo, reunirse tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

O/A presidente/a da Comisión, que será un dos representantes da Consellería de Economía e Industria, terá voto dirimente.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, no capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA.- Vixencia e causas de resolución.

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación destas

NOVENA.- Modificación

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución. No suposto de modificar o prazo de execución, deberá terse en conta, se é o caso, a obriga de obtención previa de autorización por parte do Consello de Goberno da Xunta de Galicia para o suposto de plurianualidade do convenio.

DÉCIMA.- Publicidade da subscripción do convenio

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de

Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía e Industria publicará no *Diario Oficial de Galicia*, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica achegada ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos. Polo exposto, a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

O CAG deberá subministrar toda a información necesaria para que a Consellería de Economía e Industria poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Propiedade intelectual

A documentación xerada como consecuencia da execución deste convenio será propiedade conxunta do CAG e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia. Na medida en que a mesma sexa susceptible de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no artigo 7 do Texto refundido da propiedade intelectual, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes á documentación elaborada será do CAG e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable.

O Observatorio do sector aeroespacial, da seguridade e a defensa, como plataforma na que se integrarán os informes e estudos elaborados e outras ferramentas/funcionalidades de interese para o sector, estará aloxado nunha infraestrutura dixital da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Consellería de Economía e Industria, de tal xeito que non se poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Autorizacións

O CAG consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Consellería de Economía e Industria, con sede no complexo administrativo de San Caetano s/n, 15704, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á Consellería de Economía e Industria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- Natureza e normativa

O presente convenio ten natureza administrativa quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, consonte o previsto no seu artigo 4.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito, as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de

Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade, as partes subscriben o presente convenio.

Pola Consellería de Economía e Industria

Polo Consorcio Aeroespacial Gallego

ANEXO I PLAN DE TRABAJO

O Observatorio de diagnóstico, análise e prospectiva do sector aeroespacial, da seguridade e a defensa en Galicia constitúese como un instrumento aberto á comunidade de empresas, universidades e centros tecnolóxicos para a xeración, atracción, compilación e divulgación de coñecemento experto e estudos científicos.

Os estudos realizados no marco deste convenio, xunto aos redactados no anterior convenio do período 2021-2024, permiten dispoñer dunha fonte de información estratéxica en beneficio do ecosistema aeroespacial galego (empresas, universidades, centros tecnolóxicos, etc.) e, á súa vez, contribuír a crear unha base de coñecemento crave para o deseño e avaliación das políticas económicas e de innovación orientadas a desenvolver o sector en Galicia.

Neste sentido, o Observatorio persegue ser un centro de referencia a nivel nacional e internacional na realización e difusión de estudos científicos económicos, estatísticos e de prospectiva do sector aeroespacial.

En particular, son fins do Observatorio:

- a. Fomentar a elaboración de estudos científicos por actores expertos e cun alto grao de excelencia no sector aeroespacial, entre os que se atopan as empresas, as universidades e os centros tecnolóxicos, co obxectivo de impulsar e consolidar este sector en Galicia.
- b. Crear un espazo común que centralice e potencie a xeración e o acceso a coñecemento experto do sector aeroespacial en Galicia.
- c. Estudiar e definir as tendencias nacional e internacional en materia aeroespacial para o seu aproveitamento polos citados actores.
- d. Realizar eventos e actos de difusión dos resultados dos estudos realizados.
- e. Compilar, publicar e divulgar estudos e documentación científica de alto nivel e de interese para o sector aeroespacial.

A continuación se detallan as actividades propias do Observatorio previstas neste convenio:

A) Guía de certificacións para o sector aeroespacial, seguridade e defensa.

O estudo ten por obxecto definir e deseñar un documento de apoio para a certificación de empresas nos sectores aeroespacial, seguridade e defensa. Ademais, debe establecer unha guía que permita coñecer de forma intuitiva as certificacións deses sectores, así como os procedementos para a súa obtención.

O documento debe desenvolver, como mínimo, as seguintes liñas:

- Análise da normativa de aplicación a nivel nacional e internacional.
- Identificación e mapeo de todas as certificacións relevantes nos sectores a nivel nacional e internacional.
- Elaboración dun documento comparativo de certificacións e organismos certificadores.
- Desenvolvemento dunha guía intuitiva para a identificación de certificacións e os seus correspondentes procedementos de solicitude.

B) Creación dun mapa de capacidades do sector aeroespacial, seguridade e defensa

O estudo deberá estruturarse de forma que permita identificar con claridade as capacidades do sector aeroespacial, seguridade e defensa en Galicia, o seu grao de especialización, o seu potencial en tecnoloxías de dobre uso (civil – defensa) e as oportunidades de desenvolvemento e cooperación futuras.

O documento debe desenvolver, como mínimo, as seguintes liñas:

- Análise de capacidades actuais por tipoloxía de axente e segmento de actividade.
- Detección de fortalezas consolidadas, capacidades diferenciais e áreas de mellora.
- Desenvolvemento de fichas visuais individualizadas de entidades crave do ecosistema.

C) Identificación da cadea de valor do sector aeroespacial, seguridade e defensa

O estudo ten por obxecto identificar e caracterizar a cadea de valor dos sectores aeroespacial, seguridade e defensa co fin de mapear os seus actores clave, interrelacións produtivas e capacidades tecnolóxicas, e identificar oportunidades de desenvolvemento e integración no ecosistema industrial.

O documento debe desenvolver, como mínimo, as seguintes liñas:

- Localizar e categorizar os principais axentes dos sectores, incluíndo empresas, centros de investigación, universidades e outras entidades.
- Agrupar aos actores segundo a súa posición na cadea de valor, a súas competencias tecnolóxicas e o seu grao de especialización.
- Mapear a distribución de capacidades e concentracións tecnolóxicas.
- Avaliar o sistema de valor sectorial para orientar actuacións estratéxicas e do esforzo competitivo.

D) Coordinación e asistencia técnica do proxecto.

Servizo que se prestará por unha entidade coa capacidade, competencia e recursos humanos suficientes para realizar todas as tarefas propias dunha oficina técnica e para coordinar as actuacións previstas no convenio.



ANEXO II

ORZAMENTO PREVISTO 2025
94.220,00 €

ORZAMENTO PREVISTO POR CONCEPTO DE GASTO	
CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE PREVISTO 2025
Subcontratacións	94.220,00 €
TOTAL	94.220,00 €

ACTIVIDADE	ORZAMENTO PREVISTO 2025
Guía de certificacións para o sector aeroespacial, seguridade e defensa.	18.150,00 €
Creación dun mapa de capacidades do sector aeroespacial, seguridade e defensa	26.620,00 €
Estudo de identificación da cadea de valor do sector aeroespacial, seguridade e defensa	30.250,00 €
Coordinación e asistencia técnica do proxecto	19.200,00 €
TOTAL	94.220,00 €